



BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 25-09-2020.

Na vila de Vimianzo, ás nove horas do día vinte e cinco de setembro de dous mil vinte, na sala de sesións da Casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ao obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros de xeito presencial:

D. Mónica Rodríguez Ordóñez, alcaldesa- presidenta. (PSdeG-PSOE).

Concelleiros/as:

D. Víctor Muíño Ramos. (PSdeG-PSOE)

Dna. M^a. José Pose Pérez. (PSdeG-PSOE)

D. Miguel A. Pérez Méndez. (PSdeG-PSOE)

Dna. Rosa Blanco Lema. (PSdeG-PSOE)

D. Mario Andújar Mouzo. (PSdeG-PSOE)

D. Manuel Antelo Pazos. (A.V)

D^a. Marta Rey Lema. (A.V)

D^a. María Jesús Barbeira Pose. (A.V)

D^a. Raquel Rodríguez Amigo. (PP)

D. Francisco M. Calzas Suárez. (PP).

Secretario Xeral: D. Francisco Javier Novoa Juiz.

Interventora Xeral: Dna. M.^a Lourdes Castro Pena

NON ASISTEN:

D. Eugenio Vidal Quintáns. (A.V).

D. Francisco Trillo Pazos. (A.V).

- Orde do Día:

A) Sección resolutive

1º. Aprobación das actas das sesións ordinarias celebradas o 31 de xullo e 28 de agosto de 2020.

2º. Ditame sobre a aprobación do expediente de modificación de crédito 2020/CE/02, modalidade de crédito extraordinario. Expte núm.2020/T002/000016.

3º. Ditame sobre a aprobación do expediente de modificación de crédito 2020/TC/04, modalidade de transferencia de crédito. Expte núm.2020/T002/000014.



4º. Ditame sobre a moción presentada polo grupo municipal Adiante Vimianzo referente aos recortes sanitarios no centro de saúde de Vimianzo.

B) Sección de control

5º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

6º. Mocións de urxencia.

7º. Rogos e preguntas.

Dna. Marta Rey excusa a non asistencia dos membros do seu grupo municipal por razóns laborais e persoais.

1º. Aprobación das actas das sesións ordinarias celebradas o 31 de xullo e 28 de agosto de 2020.

Dna. Marta Rey observa que na acta do pleno de 31 de xullo de 2020, na súa quenda de rogos e preguntas figura en relación coa pregunta da ocupación indebida de terreo polo concelleiro D. Víctor Muíño, figura a parroquia de Oliveiras en vez de As Cabanas en Baíñas.

Toma nota para súa corrección o Secretario da Corporación e se aproban ope legis coa nova redacción.

2º. Ditame sobre a aprobación do expediente de modificación de crédito 2020/CE/02, modalidade de crédito extraordinario. Expte núm. 2020/T002/000016.

O Secretario da lectura do ditame da Comisión Especial de Contas e Facenda de data 22/09/2020: "(...)1. **Proposta de ditame sobre aprobación do expediente de modificación de crédito 2020/CE/02, modalidade de crédito extraordinario. Expte núm. 2020/T002/000016.**

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 10 de setembro de 2020, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ACORDO

Expte Tedec: 2020/T002/000016

Vista a concesión do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS+2020), aprobado mediante acordo do Pleno da Deputación, notificado telemáticamente ó Concello, que non esta contemplado o crédito no orzamento vixente da corporación, é necesaria a modificación de créditos do orzamento da corporación baixo a modalidade de crédito extraordinario, financiado mediante o préstamo concedido. Os investimentos incluídos no citado Plan son:

- Mellora pavimentación vial entre A Devesa e A Casiña e outros , por importe de 96.998,70 €
- Ampliación abastecemento en Piñeiros, Paizás e Castiñeiras, por importe de 151.911,11 €
- Mellora pavimentación vial tras o tanatorio de Baíñas e outros, por importe de 60.019,67 €

Visto que o informe de Intervención.



De conformidade co disposto no artigo 177.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, este Alcalde propón a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Que se aprrobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2020/CE/02, na modalidade de crédito extraordinario para financiar os gastos de investimento, pola concesión do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS+2020) da Deputación, de acordo co seguinte resumo por capítulos:

Orzamento de gastos:

CAP.	DESCRICIÓN	CONSIGNACIÓN INICIAL	MODIFICACIÓN	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA
6	Inversións reais	2.827.790,36	308.929,48	3.136.719,84

Orzamento de ingresos:

CAP.	DESCRICIÓN	CONSIGNACIÓN INICIAL	MODIFICACIÓN	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA
9	Pasivos financeiros	506.108,80	308.929,48	815.038,28

SEGUNDO. Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordoñez
(Documento asinado electronicamente a marxe)"

Aberto o turno de intervencións, ninguén desexa facer constar nada polo que pásase á votación do asunto.

Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, por dous votos a favor do PSdeG-PSOE, tres abstencións (2 de Adiante Vimianzo e 1 do PP), e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo"

Aberto o turno de intervencións a Alcaldesa-Presidenta explica que unha vez obtidas as autorizacións para as 3 obras obxecto desta modificación e aprobada a mesma, procederase á súa licitación.



D. Francisco Calzas dí que están de acordo pero que lles gustaría ser informados destas propostas e non enterarse pola prensa.

Dna. Marta Rey alegrase da necesidade de facer obras utilizando o préstamos da deputación que tanto denostou o actual goberno.

A Alcaldesa-Presidenta traslada que están á disposición dos diferentes grupos políticos para informar e que en relación co préstamos provincial, se ben é a tipo 0, realmente non se sabe o que vai pasar no futuro pero permite esta financiación. Se ben estamos ante un ingreso con incertidume para a futura amortización.

Pásase á votación do asunto obténdose a UNANIMIDADE A FAVOR dos membros da corporación presentes, quedando por tanto aprobado o ditame para a súa tramitación.

3º. Ditame sobre a aprobación do expediente de modificación de crédito 2020/TC/04, modalidade de transferencia de crédito. Expte núm. 2020/T002/000014.

O Secretario da lectura do ditame da Comisión Especial de Contas e Facenda de data 22/09/2020: "(...)2. **Proposta de ditame sobre aprobación do expediente de modificación de crédito 2020/TC/04, modalidade de transferencia de crédito. Expte núm. 2020/T002/000014.**

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 10 de setembro de 2020, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ACORDO

Expte Tedec: 2020/T002/000014

Considerando a necesidade de efectuar una transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinta área, instouse mediante providencia de Alcaldía a iniciación dun expediente de modificación de créditos baixo a modalidade de transferencia de créditos.

Na execución orzamentaria do vixente exercicio obsérvase a necesidade de dotar crédito na aplicación orzamentaria do estado de gastos:

- Dotar o crédito necesario para facer fronte a achega municipal do Plan PEL-Reactiva da Deputación de A Coruña, área de gasto 4-4.
- Dotar crédito necesario para facer fronte a suministros de material para mantemento de estradas municipais, área 4-2.

Considerando que emitiuse Memoria do Alcalde na que se especificaban a modalidade de modificación do crédito, o financiamento da operación e a súa xustificación.

Considerando que emitiuse informe de Intervención polo que se informou favorablemente a proposta de Alcaldía.

De conformidade co disposto no artigo 179 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, este Alcalde propón a adopción do seguinte acordo:



PRIMEIRO. Aprobar o expediente de modificación de créditos 2020/TC/04, na modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións de distinta área de gasto, como segue a continuación:

I. Aplicación orzamentaria cuxo crédito se minora na área de gasto 3:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	IMPORTE MODIFICACIÓN
337 22610	Ocupación do tempo libre. Festa dos maiores	32.115,74
338 48000	Festas populares e festexos. Transferencias	15.860,00
TOTAL		47.975,74 €

II. Aplicación orzamentaria cuxo crédito se incrementa na área de gasto 4:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	IMPORTE MODIFICACIÓN
430 47900	Administración xeral do Comercio, turismo e pequenas e medianas empresas. Transferencias	32.115,74
453 22199	Estradas. Outros suministros	15.860,00
TOTAL		47.975,74 €

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio insiro no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Vimianzo, 10 de setembro de 2020.

A Alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordoñez.”

Aberto o turno de intervencións, ninguén desexa facer constar nada polo que pásase á votación do asunto.

Sometrido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, por dous votos a favor do PSdeG-PSOE, tres abstencións (2 de Adiante Vimianzo e 1 do PP), e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.”



Aberto o turno de intervencións a Alcadesa-Presidenta explica que esta modificación é pertinente para dar axudas ós autónomos á espera do plan especial provincial para este fin como xa manifestara en anteriores plenos.

D. Francisco Calzas manifesta a súa conformidade para que tras 3 meses de peticións se leve a cabo esta axuda e pregunta sobre as finalidades concretas e os criterios de reparto.

Dna. Marta Rey dí que eles xa apoiaban que as partidas socioculturales foran destinadas á paliar os efectos da pandemia e que noutros concellos están repartindo subvencións con cargo a fondos propios.

A Alcadesa-Presidenta traslada que lles houbera gustado facelo antes pero as actuacións fanse cando se pode polo pasos administrativos. Así mesmo, dúbida de que xa se repartan fondos con este fin noutros concellos e que en todo caso se estarían a solapar as axudas provinciais coas locais. A Deputación aporta 130.000 euros dos 160.000 e hai que seguir os trámites administrativos abrindo o prazo de solicitudes unha vez aprobada a modificación.

Pásase á votación do asunto obténdose a UNANIMIDADE A FAVOR dos membros da corporación presentes, quedando por tanto aprobado o ditame para a súa tramitación.

4º. Ditame sobre a moción presentada polo grupo municipal Adiante Vimianzo referente aos recortes sanitarios no centro de saúde de Vimianzo.

O Secretario da lectura ao ditame da comisión informativa de asuntos xerais correspondente á data do 22/09/2020: "(...)1. **Proposta de ditame sobre a moción presentada polo grupo municipal Adiante Vimianzo referente aos recortes sanitarios no centro de saúde de Vimianzo.**

Dase conta da moción presentada polo voceiro do grupo municipal Adiante Vimianzo, con RE 202099900000732 referente aos recortes sanitarios no centro de saúde de Vimianzo e na que propoñen ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

"(...) 1. O Pleno da Corporación Municipal de Vimianzo insta á Xunta de Galicia a garantir a atención en todas as consultas médicas, con todos os postos de persoal sanitario no centro de saúde de Vimianzo, cubertos durante todos os días do ano.

2. O Pleno da Corporación Municipal de Vimianzo insta aos grupos parlamentarios de Galicia a adoptar un acordo legislativo a favor da mellora do sistema público de saúde, garantindo a cobertura de todos os postos sanitarios en todo momento, e reforzando os mesmos co aumento de contratación de persoal sanitario.

3. Dar traslado deste acordo a todos os grupos do Parlamento de Galicia, así como ao Conselleiro de Sanidade e ao Presidente da Xunta."

Aberto o turno de intervencións, a Alcadesa -Presidenta da Comisión unha vez explicada brevemente polo portavoz de A.V. a moción presentada, propón alterar o contido do ditame a elevar a pleno engadindo no punto 1 da parte dispositiva da proposta, e non sanitario, trala referencia aos postos de persoal sanitario.

Dita alteración do contido é consensuada por unanimidade e continúa a celebración da comisión.



Rematado o turno de intervencións e sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais, por dous votos a favor de Adiante Vimianzo, tres abstencións (2 PSdeG-POSE e 1 PP), e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo incorporando no primeiro punto da parte dispositiva da proposta "con todos os postos de persoal saintario e non sanitario".

Aberto o turno de intervencións Dna. Marta Rey explica a moción facendo referencia á falta de reforzo do sistema sanitario de Galicia e á necesidade de non permitir que non se cubran as baixas producidas como pasou en verán.

D. Francisco Calzas manifesta que ninguén discute que o sistema sanitario é escaso e está castigado pero culpar sempre á Xunta de Galicia destes problemas é partidista e se houbo menos persoal en verán é normal porque se requeriu para que colleran vacacións en previsións dos rebrotes que puideran xurdir en outono.

Continúa dicindo que hai que sumar todos cara o mesmo lado considerando excesivo os ataques á Xunta de Galicia.

A Alcaldesa-Presidenta traslada que está dacordo con esta exposición da moción, que non entra en cores e partidos e que hai queixas polo persoal que é insuficiente.

Pásase á votación do asunto obténdose o seguinte resultado:

A FAVOR: 9 (6 PSdeG-PSOE; 3 A.V.)

ABSTENCIÓNS: 2 (PP).

Queda por tanto aprobado o ditame para a súa tramitación.

B) Sección de control

5º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidentencia.

Dase conta por parte do secretario da corporación das datas e números de decreto con referencia inicial 818/2020, de data 26/08/2020 e final 956/2020, de 22/09/2020.

6º. Mocións de urxencia:

Non se presentan por escrito nin oralmente.

7º. Rogos e preguntas.

D. Francisco Calzas pregunta sobre un problema cun muro/valado en Outeiro en Baíñas e que pasa en Trasouteiro cunha denuncia entre veciños.

Ademais roga que se lles informe previamente á prensa do goberno da municipio.

Dna. Marta Rey roga que se volva ó horario anterior dos plenos ordinarios xa que está a causar un perxuízo ós seus compañeiros de grupo político por non poder asistir por razóns laborais.

Ademais pregunta por que nas actas das XGL de 3 e 17 de agosto pon que non asisten o secretario nin a interventora e que se aclare ou corrixa no seu caso.



A Alcaldesa-Presidenta contesta en relación co valado ou muro que se esta a falar cos veciños para o retranqueo e que as dudas que teñan se falen co técnico municipal.

En relación co tema de Trasouteiro, traslada que hai un conflito desagradable e se fixo levantamento topográfico e se está a intentar recopilar documentación.

Replica que a información das súas actuacións non vai antes a prensa xa que concretamente o asunto de axudas a autónomos xa se comunicara o último pleno e se vai informando das actuacións realizadas.

Continúa falando do cambio de horario dos plenos ordinarios que ten carácter provisional e xa se explicaron as razóns do cambio e que en todo caso cando cambien as circunstancias volveran ás 8 da tarde xa que non teñen inconveniente para elo. De todos os xeitos, é un dereito dos membros da corporación aínda que entende que obter a asistencia nas empresas ou lugares de traballo pode ser complicado.

Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 09:38 horas a Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión, e eu como Secretario do Pleno redacto esta borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, a 25 de setembro de 2020.

A Alcaldesa-Presidenta

O Secretario Xeral

Mónica Rodríguez Ordóñez

Francisco Javier Novoa Juíz

(documento asinado electrónicamente)